

Autor e ilustrador: **QUENTIN BLAKE**

Tradución: **EMMA LÁZARE**


Encadernado en cartón. 25,5x25,5 cm.

48 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

- Galego: "Un barco no ceo"
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-637-2
- Castelán: "Un barco en el cielo"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-65-9
- Catalán: "La barca voladora"
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-934380-4-3
- Portugués: "Um barco no céu"
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-63-7

Prezo: 15 €



UN BARCO NO CEO

...Isabel e Nicolás voan no seu barco. Coa axuda das cegoñas transfórmanos nunha arca acolledora. Todos os que sofren na Terra atopan un sitio abordo...

1800 nenos do mundo traballaron con Quentin Blake para facer despegar esta asombrosa historia.

Este libro é o resultado do traballo conxunto entre o escritor e ilustrador británico Quentin Blake con nenos de Gran Bretaña, China, Irlanda, Luxemburgo, Noruega e Francia. Reuníronse e intercambiaron correspondencia durante un ano, opinando sobre o humanismo, a situación do mundo e as inxustizas que se cometen na actualidade. O obxectivo era facer un libro no que os cativos puideran plasmar a súa idea dun mundo mellor, no que a amizade e a solidariedade estiveran por riba da desigualdade e da violencia.

O barco voador é o símbolo da liberdade; os seus tripulantes, os promotores dunha serie de arriscadas accións de rescate: dende que acollen a unha cegoña ferida, outras vítimas doutras tantas situacións de perigo atopan refuxio nel. Así encadéanse unha serie de reflexións sobre a discriminación por razón de raza, a lacra do traballo infantil, a contaminación, os conflitos bélicos...

Quedan moitas máis causas nobres que defender, moitas persoas que sofren, moitos países sumidos na pobreza, na guerra, moitos nenos que carecen de oportunidades... Cómpre que os lectores aprendan con esta obra colectiva cales son os motivos polos que paga a pena intentar que o mundo sexa máis habitable.

QUENTIN BLAKE

(Sidcup, Kent, Inglaterra. 1932)

Comezou moi novo a debuxar. Estudou na Universidade de Londres e na Escola de Arte de Chelsea. Durante uns 20 anos dedicouse a pintar e

exerceu a docencia na Real Escola de Arte, onde dirixiu o departamento de Ilustración de 1978 e 1986.

A súa traxectoria artística destaca por ter colaborado con escritores como Russel Hoban, Joan Aiken, Michael Rosen, John Yeoman e, principalmente, Roald Dahl. Tamén ilustrou álbumes ilustrados clásicos e creou personaxes propios, como os coñecidos Señor Armitage e Mister Magnolia.

Entre os galardóns que recibiu nos últimos anos destacan o Premio Whitebread, a Medalla Kate Greenaway ou Premio Internacional da Feira de Bolonia. En 2002 recibiu o Hans Christian Andersen de Ilustración, o recoñecemento ao máis alto nivel no eido da literatura infantil e xuvenil. En 2004 foi distinguido polo Goberno Francés como Cabaleiro das Artes e das Letras.

- **Temática:** un barco voador rescata as vítimas das inxustizas que se cometen no mundo, a solidariedade
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos
- **Aspectos destacables:** na creación deste libro participaron 1800 nenos e nenas de varios países que se reuniron co autor para analizar os principais problemas da actualidade e propór fórmulas para construír un mundo mellor
- **Aplicacións:** debatir sobre as situacións de desigualdade, aportar posibles solucións aos conflitos, buscar causas xustas nas que os nenos se impliquen

